

José Manuel Balseiro Orol  
Delegado Territorial da Xunta en Lugo  
Ronda da Muralla, 70  
27071 Lugo

**Asunto.- Necesidade de reconstruír o terreo de xogo do Estadio Municipal Pepe Barrera (Ribadeo)**

En relación co seu escrito do 11 de marzo de 2019, recibido e rexistrado no día de hoxe, 13 de marzo, neste Concello con referencia 2019-E-RC-2300, no que se escusaba a ausencia de representantes da Xunta de Galicia na xuntanza celebrada no día de onte no Estadio Municipal Pepe Barrera de Ribadeo para tratar a necesidade de reconstruír o terreo de xogo desta instalación, á vez que se reafirmaba no ofrecemento dunha axuda de 46.000 € a través da sinatura dun convenio de colaboración para asumir a execución do proxecto que ascende a 421.829,56 € ou á utilización do Fondo de Cooperación Local para esta finalidade.

En primeiro lugar compre indicar que a convocatoria cursada perante a Xunta de Galicia produciuse coa mesma celeridade que a correspondente aos demais participantes na mesma e é froito do máis que limitado marxe de tempo no que nos movemos dentro desta problemática dado que o proxecto básico de execución foi recibido por este Concello o mesmo venres 08 de marzo no que se cursaron as distintas convocatorias para a xuntanza.

Con todo, indícolle que a reunión de onte á que vostede non puido asistir desenvolveuse dentro dun clima de diálogo e participación horizontal entre os distintos participantes: Deputación de Lugo, Ribadeo FC, SD Ribadeo e Concello de Ribadeo, coas explicacións aclaratorias do redactor do proxecto que, como se dixo, ascende a 421.829,56 €.

Sendo sabedores da importancia desta actuación e ao mesmo tempo da súa planificación dos convenios, recalcando que resulta imprescindible a súa execución durante a vindeira tempada estival, comunícaselles que dende a Deputación de Lugo se comprometeron a aportar un terzo do importe ao que ascende o proxecto, é dicir, 140.000 €, solicitando que as restantes dúas administracións con competencias en deportes, Xunta de Galicia e Concello de Ribadeo, aportasen o mesmo para chegar a cubrir o orzamento total. Por parte do Concello de Ribadeo aceptamos elevar a nosa participación dos 50.000 € iniciais ata os 140.000 €. É por todo isto que emprazamos á Xunta de Galicia a asumir o terzo restante, o cal, supón suplementar en 94.000 € ao seu ofrecemento inicial, por entender así de xustiza social e que os veciños e veciñas deste Concello non se sintan agraviados.

Hai que ter en conta que as cuestións trasladadas en canto ao Fondo de Cooperación Local non deixan de ser recursos de artificios dialécticos políticos, xa que se tratan de fondos para o funcionamento ordinario dos Concellos, do mesmo xeito que o Estado fai o mesmo coa

“participación de tributos do Estado” destinados a pagar nóminas, alumeado público..., ou mesmo a Deputación faino igualmente co “Plan Único”, pero non para atender circunstancias extraordinarias como é o caso. Como ben saberán vostedes, o DOG está cheo de convenios bilaterais de carácter extraordinario entre Xunta de Galicia e Concellos, polo que nos gustaría ser tratados do mesmo xeito.

Outra das circunstancias preocupantes a maiores da económica é a temporal, posto que se require con urxencia definir as aportacións e conveniar entre as administracións competentes para que as obras en cuestión podan comezar ao remate da presente tempada, isto é, ao rematar a primeira quincena de xuño.

Polo tanto, **pregámoslles a que de xeito inminente accedan ao solicitado á maior brevidade posible polas necesidades de licitación e cumprir cos compromisos co Ribadeo FC e SD Ribadeo.**

Agardando que o sentido común e o leal deber de colaboración entre administracións impere en todo este asunto e no resto da vida pública.

En Ribadeo, a data de sinatura electrónica.

O Alcalde,

Fernando Suárez Barcia

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**